

VICTORIA MORENO, MESTRA CON ALMA



Letras Galegas
2018

XUNTA DE GALICIA



VICTORIA**AMORENO,**
MESTRA CON ALMA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CEIP Xesús San Luís Romero (Carballo)

Coordinadora:

Villar Hermida, María Aurora

Dep. Legal: C 726-2018

Autoría:

Álvarez Veira, María Consuelo

Bértoa Aldao, María José

Blanco Vázquez, Patricia

Brandón Añón, Ana María

Casado Rodríguez, Mónica

Castro Santos, María del Carmen

Facal Pérez, Sabina Isabel

Fernández Boán, María

García Amigo, Nuria del Socorro

García Arijón, María Mar

García Darriba, Nazareth

Garrido Salgado, Iria

López Losada, María Luisa

Malde López, Leticia Pilar

Mato Blanco, María José

Miranda Pazos, Yéssica

Pacoret Balsa, María Josefa

Rey Cuba, Alicia

Rodríguez Grela, Verónica

Rodríguez Rama, Patricia

Sedes Yáñez, Uxía

Villar Hermida, María Aurora

Coa colaboración do alumnado, do persoal non docente e da comunidade educativa do centro.

Contouse coa colaboración especial de Agostiño Lagoa Fraga e María Veiga Facal.

VICTORIA~~AMORENO~~, MESTRA CON ALMA

ÍNDICE

❖ Presentación.....	4
❖ Biografía.....	5
❖ Biografía de María Victoria Moreno en pictogramas.....	7
❖ Actividades para educación infantil	9
❖ Actividades para 1.º curso de educación primaria.....	13
❖ Actividades para 2.º curso de educación primaria	15
❖ Actividades para 3.º curso de educación primaria	18
❖ Actividades para 4.º curso de educación primaria	21
❖ Actividades para 5.º curso de educación primaria	24
❖ Actividades para 6.º curso de educación primaria.....	27
❖ Referencias bibliográficas.....	31
• Bibliografía.....	31
• Webgrafía.....	32
• Fotografías.....	33



María Victoria Moreno é o nome da escritora á que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas.

Nesta guía pretendemos ofrecer un abano de actividades para que o alumnado poida traballar de xeito lúdico sobre a vida e a obra desta muller que, sen nacer entre nós, pasou a maior parte da súa existencia amando a nosa lingua, a nosa cultura, os nosos rapaces e rapazas..., e así chegar a coñecela un pouco mellor.

Vistes que importante foi esta escritora na nosa literatura infantil e xuvenil? Con estas actividades intentamos que empreguedes os carteis que fixemos con moito agarimo para coñecer a autora. É un pracer compartir isto con todos os nosos compañeiros e compañeiras dos centros de Galicia.

Mergulládevos nesta exposición que presentamos co título **VICTORIA MORENO, MESTRA CON ALMA**, porque o amor é un tema moi presente na súa obra e Alma é o nome da súa mascota que, ademais, é a narradora dos carteis. Na súa elaboración participou a totalidade da comunidade educativa e é o resultado dun traballo cooperativo que contou coa colaboración activa do alumnado e profesorado dos diferentes niveis e especialidades. Por isto os carteis, a pesar de que manteñen unha liña de traballo común, reflicten a esencia de cada unha das dez aulas do noso colexio. Alma deixou pegadas nos nosos carteis para indicar o seu número, do mesmo xeito que a autora homenaxeada, a súa dona, a deixou na literatura galega.



BIOGRAFÍA

María Victoria Moreno Márquez naceu en Valencia de Alcántara, Cáceres, o 1 de maio de 1939, durante a Guerra Civil. O seu pai, Vicente, era militar e Sara, a súa nai, era mestra. Tivo tres irmáns: Sara, Antonio e Rafael. Ao rematar a guerra, trasladáronse a Badaxoz e logo a Segovia. Tras a morte do pai, en 1949, viviu en Sepúlveda (Segovia), onde a nai era mestra.

En 1951, grazas a unha bolsa, puido ir cursar o bacharelato a Barcelona. Alí aprendeu catalán e francés e descubriu a literatura lendo *O Quixote* e *O principión*, que se converteron nas súas obras favoritas. Ela afirmaba que nacera en 1941 para facer coincidir a súa idade coa das súas compañeiras.

De 1958 a 1963 estudou Filoloxía Románica en Madrid, onde coñeceu a José Luis Llácer; casaron ao finalizar ela a carreira e foi vivir con el a Pontevedra en 1963. En Galicia viviría máis de corenta anos e debemos darlle a razón cando afirmaba ser galega: foi a terra onde viviu máis anos e a lingua coa que se identificou.

En 1965 aprobou as oposicións e foi destinada ao Instituto Masculino de Lugo (hoxe Lucus Augusti). Alí foi compañeira de Xesús Alonso Montero, de quen dicía que fora un mestre para ela. Del herdou a actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos falantes.

Dous anos despois volve para Pontevedra onde, logo de traballar algún tempo no Instituto Feminino (o actual Valle-Inclán) e no de Vilalonga (Sanxenxo), exerceu a docencia o resto da súa vida no IES Torrente Ballester.

En plena ditadura franquista, atreveuse a darlle clase de literatura galega ao seu alumnado e impartiu cursos gratuítos de galego para mestres e mestras e outras persoas que non tiveran a posibilidade de estudar a nosa lingua.

En 1972 gaña o 2.º Premio O Facho co conto *Crarisca e o Luceiro*. En 1973, coa publicación de *Mar adiante*, convértese nunha das escritoras pioneiras da literatura infantil e xuvenil galega. Esta obra constitúe un manifesto a favor dunha escola diferente, en contacto coa natureza, baseada nunha relación de respecto e agarimo ao alumnado. En 1975 recibiu o Premio O Facho polo seu relato *O cataventos*. En 1979 publicouse *Contos pra nenos*, que incluía o texto galardoado. En 1983, saíu do prelo *A festa no faiado* e en 1986 *Leonardo e os fontaneiros*; esta acadaría o 3.º lugar no certame O Barco de Vapor e sería a súa obra favorita. Outras lecturas súas destinadas ao público máis novo son: *¿E haberá tirón de orellas?* (1997) ou *Eu conto, ti cantas...* (2005).

Xunto con outras persoas, abriu a librería Xuntanza e durante dez anos dirixiu a colección Árbore da Editorial Galaxia. Ademais, nunha época en que se carecía de material para impartir a clases e para a lectura en galego, participou na publicación de libros de texto de literatura galega e traduciu ao galego obras doutras linguas, algunhas cun enorme éxito, como *Mecanoscrito da segunda orixe*.


En 1988 publicou *Anagnórise*, considerado o seu mellor libro e un clásico da literatura xuvenil galega, que foi incluído na Lista de Honra do IBBY. En 1999, sae á luz a novela xuvenil *Guedellas de seda e liño*, que reflicte as desigualdades sociais.

E, aínda que María Victoria Moreno é coñecida sobre todo por ser unha escritora de literatura infantil e xuvenil, tamén posúe obras para o público adulto: en 2004 publica *Diario da luz e a sombra*, un libro onde narra a vivencia da enfermidade que a levará á morte en 2005, en Pontevedra; e, xa de forma póstuma, saen do prelo *Elexías de luz* en 2006 e *Onde o aire non era brisa*, a primeira novela que escribira, xa traducida ao galego por vontade súa, en 2009.

Características salientables da súa obra son a presenza de animais como protagonistas, e tamén a de nenas e mulleres, a defensa da igualdade, a crítica a un ensino autoritario e reseso e a dignificación da lingua galega.



BIOGRAFÍA DE MARÍA VICTORIA MORENO EN PICTOGRAMAS



1939

MARÍA VICTORIA NACEU EN CÁCERES EN 1939.



e



ESTUDOU EN BARCELONA E MADRID.



TRABALLOU DE PROFESORA, ESCRITORA, TRADUTORA E CONFERENCIANTE.



VEU VIVIR A PONTEVEDRA.



AMABA GALICIA E A SÚA LINGUA.



e




TRABALLOU COMO PROFESORA EN LUGO E PONTEVEDRA.



DIRIXIU A COLECCIÓN ÁRBORE DA EDITORIAL GALAXIA.



A PRIMEIRA PUBLICACIÓN FOI MAR ADIANTE.



ESCRIBIU MOITOS LIBROS PARA NENOS E MOZOS:



O CATAVENTOS, LEONARDO E OS FONTANEIROS, GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO.



NOS SEUS LIBROS APARECEN MOITAS NENAS E ANIMAIS PROTAGONISTAS.



FINOU EN 2005.

Comprendiches todos os pictogramas? Agora podes acceder ao blog onde as nosas compañeiras e compañeiros do CEIP Plurilingüe Anxo da Garda da Coruña nos amosan a fermosa e detallada biografía que realizaron desta autora.





EDUCACIÓN INFANTIL



A HOMENAXEADA NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS EN 2018 É MARÍA VICTORIA MORENO. ATOPA O SEU NOME ENTRE OS QUE APARECEN A CONTINUACIÓN E ÚNEO COA SÚA FOTO.

CARLOS CASARES

MARÍA VICTORIA MORENO

MANUEL MARÍA

ROSALÍA DE CASTRO



AGORA, ESCRÍBEO TI:



UNE CON FRECHAS OS LUGARES ONDE VIVIU MARÍA VICTORIA MORENO E OS SEUS NOMES:



PONTEVEDRA

MADRID

CÁCERES

BARCELONA



COMO FOI A SÚA VIDA? ORDENA AS VIÑETAS.



RECORTA ESTAS TARXETAS E LOGO ORDÉNAAS E PÉGAAS PARA FORMAR O NOME E OS APELIDOS DA AUTORA HOMENAXEADA ESTE ANO.

MÁRQUEZ	VICTORIA	MARÍA	MORENO

ESCRIBE O SEU NOME COMPLETO:

--



RODEA AS VOGAIS QUE HAI NO NOME E NOS APELIDOS DA AUTORA.

MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ

AGORA REPASA CADA VOGAL DUNHA COR DIFERENTE. POR EXEMPLO: **A** DE AZUL, **E** DE VERDE, **I** DE MARRÓN, **O** DE AMARELO, **U** DE VERMELLO.

CANTAS VOGAIS HAI? _____



A PROTAGONISTA DE ¿E HABERÁ TIRÓN DE ORELLAS? É UNHA CADELIÑA CHAMADA ALMA. BUSCA E COLOREA AS QUE SON IGUAIS AO MODELO.



MARÍA VICTORIA MORENO VIAXOU MOITO NO SEU COCHE, TERESITA. MIRA O CARTEL 7 E DESPOIS DEBUXA E COLOREA A SÚA CADELIÑA DENTRO DO COCHE.



BUSCA AS PEGADAS DE ALMA QUE ESTÁN DESCOLOCADAS E RODÉAAS.





EMPARELLA CADA PICTOGRAMA CO SEU SIGNIFICADO.

CADELIÑA



LIBRO

BARCO

COCHE



NO TÍTULO DUNHA DAS OBRAS DE MARÍA VICTORIA MORENO APARECE UNHA PARTE DO CORPO. SITÚA NESTA IMAXE DO CARTEL 9 AS DIFERENTES PARTES DA SÚA CARA.



BOCA	OLLOS	PELO
NARIZ	CELLAS	ORELLAS



EMPREGA O SEGUINTE CÓDIGO QR E ACCEDE Á PÁXINA PARA DESCUBRIR O TÍTULO DA OBRA E A PARTE DA CARA QUE APARECE NEL.



PREGUNTA NA BIBLIOTECA SE TEÑEN ESTE LIBRO E SE O PODES LEVAR Á AULA PARA LER.



1.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Este é o calendario escolar deste curso. Busca o mes de maio e rodea de azul o Día das Letras Galegas. Este ano cadra en _____ (día da semana).

SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO						
				1	2	3	2	3	4	5	6	7	8			1	2	3	4	5					1	2	3
4	5	6	7	8	9	10	9	10	11	12	13	14	15	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19
11	12	13	14	15	16	17	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33
18	19	20	21	22	23	24	23	24	25	26	27	28	29	26	27	28	29	30	31								
25	26	27	28	29	30		30	31						27	28	29	30										

XANEIRO							FEBREIRO							MARZO							ABRIL						
1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4				1	2	3	4	2	3	4	5	6	7	8
8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	12	13	14	15	16	17	18	16	17	18	19
15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	19	20	21	22	23	24	25	23	24	25	26
22	23	24	25	26	27	28	26	27	28					26	27	28	26	27	28	29	30	31					

MAIO							XUNO																				
	1	2	3	4	5	6					1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
7	8	9	10	11	12	13	12	13	14	15	16	17	18	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
14	15	16	17	18	19	20	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31									
21	22	23	24	25	26	27																					
28	29	30	31																								

Agora escribe ti os outros días da semana:

Pinta un debuxo ou escribe unha frase sobre o Día das Letras Galegas no cadro baleiro do calendario.



Estes son dous escritores e unha escritora homenaxeados nas Letras Galegas. Relaciona cada fotografía co nome correspondente.



Castelao





María Victoria Moreno



Carlos Casares



Axúdalle a María Victoria Moreno a chegar ata a portada de *Leonardo e os fontaneiros*, o seu libro preferido.



Estas son algunhas das obras de María Victoria Moreno. Convértete en ilustrador ou ilustradora e crea unha portada diferente para unha delas no teu caderno.




Escrebe os títulos tendo en conta as palabras que representan os pictogramas:

Leonardo e os



adiante

As



de España



Nas obras de María Victoria Moreno aparecen moitos animais, como podes ver nesta estrofa de *¡Xa non teño medo!*:

"No armario máis pequeno
teño tres gatos,
un canciño de seda
e dez lagartos".

(p. 11)



Calcula cantos animais hai:



2.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



FACEMOS MEMORIA: Relaciona cada autor co seu nome e co ano no que foi homenaxeado no Día das Letras Galegas.

NOME		
		
ANO DAS LETRAS GALEGAS		

CARLOS CASARES	FILGUEIRA VALVERDE	MANUEL MARÍA
LETRAS GALEGAS 2015	LETRAS GALEGAS 2016	LETRAS GALEGAS 2017



No libro *Mar adiante* (cartel 3), a escola estaba nun barco. María Victoria Moreno realizou as ilustracións. Inventa unha historia na que se reflicta como sería a túa escola ideal e ilústraa.



No cartel 3 aparece a imaxe do Arroás, o barco-escola de *Mar adiante*, onde os nenos e as nenas aprendían xogando na natureza, libres e felices, sen castigos. Escribe as súas partes na seguinte imaxe:



"Eu escribín este libro para ti, que o tes na man, e vas ser por un tempinho mariñeiro do Arroás."

(p. 9)



Un dos libros da autora é *¿Un cachiño de bica?* Investiga de onde é típica esta sobremesa, escribe a receita e faina se tes ocasión.



A autora homenaxeada era cacereña porque nacera en Valencia de Alcántara, na provincia de Cáceres. Escribe os nomes que reciben as persoas que viven nas catro provincias galegas.



A Coruña: _____

Lugo: _____

Ourense: _____

Pontevedra: _____



No título dun dos libros de María Victoria Moreno aparece o nome dunha parte da casa. Le os nomes das obras que recolle a bibliografía desta guía e descubre cal é.



Xoga cos teus compañeiros e compañeiras a inventar títulos cambiando a palabra que atopaches; por exemplo, "A festa na cociña". Ilustra a portada no teu caderno.



A historia de *Mar adiante* transcorre nun barco e a de *Anagnórise* nun coche. Que outros medios de transporte coñeces?



Observa o cartel 9. Le e copia a frase que aparece nel e inventa ti outras frases para poñer en valor a lingua galega.



Fíxate no elemento central do cartel 7 e adiviña como se chamaba a colección de libros que dirixiu María Victoria Moreno na Editorial Galaxia. Accede, a través do Symbaloo que aparece ao final da guía, ao sitio web desta editorial e busca información sobre ela.



Localiza o cartel onde aparecen as respostas ás seguintes preguntas e anótaas no teu caderno:

- Cando naceu María Victoria Moreno?
- Que carreira estudou?
- A que cidade foi estudar?
- A que lugar de Galicia veu traballar?

Atopáchelas no cartel:



María Victoria Moreno sempre estivo a carón das persoas con diversidade. Ponte na pel dunha persoa que non pode oír. Mira o seguinte vídeo e saberás como a nosa compañeira do IES Alfredo Brañas de Carballo presenta a María Victoria Moreno.



No libro *A festa no faiado*, os pardais atopan diferentes froitas. Localiza nesta sopa de letras oito nomes de froitas.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____

T	V	C	A	S	T	A	Ñ	A	S	C	D
P	P	E	X	E	G	O	S	M	T	R	Z
Ñ	B	R	O	R	F	M	A	O	V	X	O
R	M	E	I	N	B	R	O	R	T	I	U
N	F	I	G	O	S	U	M	A	Z	A	S
M	A	X	E	C	H	L	D	S	O	C	D
U	V	A	S	E	S	D	G	E	T	Ñ	A
B	D	S	I	S	F	I	R	G	P	O	M



3.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Un dos contos máis fermosos de María Victoria Moreno titúlase *O cataventos*. O protagonista deste relato é don Pío, un galo ambicioso e mandón, abusón e envexoso que non deixa as galiñas vivir en liberdade. Le a historia para saber o que lle pasa e logo inventa ti un conto onde o protagonista sexa tamén un galo ou outro animal.



Partindo do título *¿Un cachiño de bica?* imos facer un xogo de memoria entre todos os compañeiros e compañeiras da clase. Por exemplo: Quero un cachiño de bica → Quero un cachiño de bica con zume → Quero un cachiño de bica con zume de laranxa → Quero un cachiño de bica con zume de laranxa e ... → ...



O libro *A festa no faiado* amosa as aventuras dunha boneca que se fai amiga dun gato. Comeza así:

"Eu chámome Uxía e nacín, xa non me lembro cando, en Portosouril. Teño o pelo loiro, os ollos azuis e as meixelas gordechas".

Imaxina que chega un compañeiro ou compañeira nova á aula. Escribe unha pequena descrición para presentarte e que te coñeza un pouco mellor.



María Victoria Moreno trataba os seus alumnos e alumnas con moito afecto e agarimo. Decía que eran os seus "cachorros" porque lles quería tanto como ás crías de Alma. Como cres que se sentían nas súas clases? Marca as cariñas cun círculo.





María Victoria escribiu un conto titulado *¡Xa non teño medo!* O protagonista ten medo cando se vai deitar. Fai un debuxo de situacións que che provoquen:

ALEGRÍA	MEDO	TRISTEZA

Agora describe un dos debuxos anteriores e ponlle nome:

Nome: _____

Descrición: _____



Nas obras de María Victoria Moreno aparecen moitos nomes de aves, como podes ver nesta poesía de *Mar adiante*:

"Veciños da Carballeira,
chorade polos paxaros
que voaron mar adiante
tristeiros e alporizados."
(p. 42)

- Busca nese libro nomes de paxaros:

- Elixe un deles e escribe unha poesía:



O libro *Eu conto, ti cantas...* reúne tres contos en verso. Un deles é "*¡Xa non teño medo!*"; na seguinte estrofa o protagonista imaxina o que quere ser de maior:

"Eu, cando sexa grande,
serei bombeiro,
acaso policía
ou quizais médico."
(p. 21)

Subliña os nomes dos oficios que lle gustan.



Ordena as seguintes palabras para formar algúns dos títulos dos libros da autora:

conto,	Ti	Eu	cantas...
--------	----	----	-----------

orellas?	¿E	tirón	haberá	de
----------	----	-------	--------	----

cachíño	de	¿Un	bica?
---------	----	-----	-------

festa	A	faiado	no
-------	---	--------	----



María Victoria Moreno afirmaba que mantiña con Galicia e co galego “unha historia de amor”. O tema do amor e dos afectos está moi presente nas súas obras. Así, por exemplo, en *Mar adiante* aparece a seguinte frase:

EntónCrariscasouboqueamareseramadaeraomáisfermosodavida.

Decataríaste de que, por un erro, desapareceron os espazos nesta frase. Vólvea copiar separando correctamente as palabras:



Fíxate nos carteis e responde as seguintes preguntas:

En que ano naceu María Victoria Moreno? _____

Que carreira estudou? _____

De que traballou en Pontevedra? _____

Que lle gustaba ler? _____

Quen era Teresita? _____

Que linguas sabía falar? _____





4.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Axúdalle a María Victoria Moreno a dar coa solución deste problema:

Descubre con Google Maps cantos quilómetros hai desde Cáceres a Pontevedra e canto gastaría hoxe en día María Victoria, tendo en conta o prezo do combustible na gasoleira máis próxima ao teu colexio.



Non tedes interese por coñecer Pontevedra? Investigade e planificade unha excursión, aínda que sexa virtual, pola cidade. Axudádevos das novas tecnoloxías e preparade unha presentación para poderdes gozar deste fermoso lugar de Galicia no encerado dixital.



Escribe un pequeno poema en homenaxe a María Victoria Moreno. Os catro versos deben comezar polas súas iniciais:

M(aría)

V(ictoria)


M(oreno)

M(árquez)

 María Victoria Moreno ás veces dáballes a volta aos contos tradicionais. En *Mar adiante* aparece a figura do lobo como un animal amigo. Cres que o lobo é malo, como o pintan os contos, ou é bo?

Investiga sobre a importancia deste animal no ecosistema.

 Se observas o cartel 1, podes comprobar que María Victoria Moreno foi unha escritora ligada a diferentes provincias españolas. A través do Symbaloo, accede á súa biografía para buscar os nomes destes e outros lugares onde viviu e escribíbeos no mapa. Indica os idiomas que aprendeu en cada un deles.



 En 1965, María Victoria Moreno aprobou as oposicións e foi destinada ao Instituto Masculino de Lugo, o actual Lucus Augusti, onde coñeceu o que ela chamaba "O mestre das palabras". Pescuda quen era na seguinte ligazón.




 Os títulos dos carteis 5 e 7 comezan coa palabra AMOR. Tendo en conta que María Victoria Moreno era políglota, busca e aprende a palabra "amor" noutros idiomas.

 Onde o aire non era brisa amosa as experiencias dunha mestra que chega a unha vila de Castela onde imperaba a pobreza, a represión e o analfabetismo. Nesta obra, María Victoria reflicte a época da ditadura e tamén se pode ver como era o ensino nos anos sesenta. Buscade información no voso libro de texto ou en Internet para coñecer máis desa etapa ou axudádevos do alumnado dos niveis máis altos e da vosa familia.

Verticais:

7. Nome da súa cadelinha.

8. Provincia de Galicia onde veu traballar.



A autora homenaxeada desenvolveu distintos labores profesionais ao longo da súa vida. Serías quen de atopar sete nesta sopa de letras?





5.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



María Victoria Moreno é a cuarta muller á que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Ata o de agora, neste día só foran homenaxeadas tres mulleres. Saberías relacionar cada fotografía co nome correspondente? Investiga sobre a biografía de cada unha delas.



ROSALÍA DE CASTRO



FRANCISCA HERRERA



MARÍA MARIÑO

Podes acceder ás súas biografías co seguinte código QR. Atoparalas na parte dereita da páxina da Real Academia Galega. Elixes unha destas mulleres e fai unha presentación sobre ela na clase.



Relaciona as seguintes frases cos pictogramas:


Foi unha boa profesora.



Tiña unha cadeliña chamada Alma.



Escribiu libros para nenos e nenas.



Tiña un fillo e unha filla.





María Victoria descubriu en Barcelona o pracer de ler. Procura no cartel 10 cales eran as súas obras favoritas da literatura clásica e fai a ficha técnica dunha delas.

Título: _____

Editorial: _____

Argumento:

Personaxes:



Busca en Internet, na Galipedia, como se chamaba o conto co que gañou o segundo premio do Concurso de Contos Infantís O Facho e en que ano o gañou. Podes acceder a ela a través do Symbaloo que atoparás ao final desta guía.



María Victoria Moreno foi pioneira en incluír nenas e mulleres como protagonistas dos seus contos, loitando así pola igualdade. Inventa unha banda deseñada na que a súa protagonista sexa unha personaxe feminina.



María Victoria facía unhas descrições moi detalladas empregando moitos adxectivos. Grazas a eles, somos capaces de imaxinar os personaxes e os lugares. Busca no dicionario o significado de **fachendoso**, **lampantín** e **malpocado**, que aparecen nun dos contos máis fermosos, *O cataventos*.



María Victoria Moreno exerceu varias actividades pero, sobre todo, ela considerábase a si mesma mestra (cartel 6).

- Investiga en Internet, nos carteis e na biografía desta guía e busca outras das súas profesións:

- Que queres ser ti de maior? Por que? Escribe unha páxina dun diario ou unha entrada para un blog e nela imaxina o que che gustaría ser. Ilústraa cun debuxo.



Le con atención a biografía de María Victoria Moreno e resolve este encrucillado cos nomes dos familiares.

Horizontais:

- Nome do seu pai.
- Nome do seu primeiro marido.
- Nome do seu fillo.
- Nome dun dos seus irmáns.
- Nome da súa filla.
- Nome do seu segundo marido.
- Nome dun dos seus irmáns.

Vertical:

- Nome da súa nai e da súa irmá.

1				V						
2				I						
3				C						
4				T						
5				O						
6				R		8				
				I						
7				A						



Fíxate ben na presentación en Power Point sobre a autora que recolle o Symbaloo e atopa nesta sopa de letras cinco adxectivos para definila.

T	P	O	L	I	F	A	C	E	T	I	C	A
L	O	I	T	A	D	O	C	A	A	T	R	L
A	L	M	R	D	O	C	T	I	M	S	E	O
B	I	X	E	I	N	B	U	C	O	M	I	N
P	G	R	U	D	O	I	S	A	Z	C	A	P
O	L	U	T	R	I	A	X	E	N	O	P	E
C	O	M	P	R	O	M	E	T	I	D	A	T
M	T	I	O	T	R	A	N	O	S	U	N	V
A	A	C	A	Z	A	P	E	M	I	A	S	I
E	T	N	O	X	B	I	R	E	P	O	T	S
S	Q	U	E	X	M	T	O	H	L	A	L	E
T	R	V	I	B	U	N	S	O	D	R	O	M
R	A	Z	I	P	E	T	A	L	R	E	T	C





6.º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA



María Victoria Moreno era moi innovadora; se vivise hoxe, seguro que empregaría escornabots para ensinar. Emprega este modelo de panel de escornabot e dálle as indicacións para que faga o seu percorrido só polos libros da autora homenaxeada.



Comproba cal é o libro ao que chegou finalmente o escornabot e investiga en Internet para saber máis cousas sobre el:

- Quen escribiu o seu prólogo?
- Inicialmente o libro tiña outro título. Cal era?
- Cal era a profesión da protagonista?
- Cal era o pseudónimo que utilizaba María Victoria Moreno? Por que cres que o elixiría?



Realiza a webquest que se lle dedica a María Victoria Moreno accedendo á ligazón a través deste código QR.



 Moitas personaxes das obras infantís de María Victoria Moreno son nenas e nisto foi unha pioneira. Tamén no resto da súa obra aparecen moitas protagonistas femininas. Realizou un importante labor a prol da igualdade, xa que contribuíu a facer visibles as mulleres na literatura.

Por que non continuades o seu labor? Realizade a biografía dunha muller da vosa zona que escolleredes por votación. Tomade como modelo a que aparece no inicio desta guía. Aahh!! E lembrade compartila con todo o mundo, no blog, na radio do voso centro ou a través dunha videoconferencia.

 O prólogo do libro *Onde o aire non era brisa* está escrito por Pedro Ferriol. Le este fragmento:

"Referiuse ao relato, baseado nas experiencias dunha mestra nova que chega a unha vila de caciques e que salienta as lacras da década de 1960, na que imperaban as conspiracións, a pobreza, o poder eclesiástico e o analfabetismo; unha etapa histórica dura para os que a viviron." (p. 9)

Investiga en Internet para saber máis sobre o momento político e social que se vivía en España nesa época e non esquezas preguntarlle á túa familia. Podes facer un mural empregando a ferramenta Glogster e explicar nel as características máis significativas dese momento.

 Le atentamente a frase do cartel 10.


- Adiviña en que libro aparece. Dámosche algunha pista:
 - Foi publicado no ano 1988.
 - Dedicoullo ao seu alumnado de Vilalonga.
 - É a súa novela máis coñecida.
- Imaxina cal sería o teu proxecto máis fermoso e explícao nunha entrada para o blog do centro ou comeza así o teu propio diario ou bitácora. Sabías que un dos libros que publicou María Victoria era tamén un diario?

 En 1973, xunto con outras persoas, María Victoria Moreno abriu unha librería en Pontevedra. Descubre como se chamaba e a importancia que tivo nesa época.





María Victoria Moreno publicou numerosas obras e entre elas están as seguintes:



Busca nos carteis e en Internet e ordénalas cronoloxicamente. Logo, para animar os nenos e nenas a ler en galego, como facía María Victoria, elixe unha das destinadas ao público infantil e fai un *booktrailer* dela.



No libro *A brétema*, a señora Minia conta os días da súa vida:

"En cada solpor vía fuxir un anaquiño da súa vida. Por iso sempre estaba a contalos:

- Trinta e catro mil cincocentos setenta e cinco -dicía-. Xa non me poden quedar moitos.

E o solpor chiscáballe o ollo desde o horizonte, como querendo dicirlle:

- Miña avoa, aínda mañá hei vir bicarte nas meixelas".

Calcula cantos anos ten:

En que etapa da vida está? Escribe o nome das outras etapas e os intervalos de idade que abranguen:



O prólogo de *Mar adiante* escribiuno un profesor que influíu moito na vida de María Victoria Moreno ao animala a escribir en galego. Investiga en Internet e descubre quen é e onde se coñeceron.



En que editorial coincidiron María Victoria Moreno e o escritor homenaxeado o ano pasado? Busca información accedendo ao seguinte código QR:



En Madrid, María Victoria coñeceu a José Luis Llácer, unha persoa invidente. Despois de casar, trasladáronse a Pontevedra en 1963 ao ser el contratado nun colexio da ONCE. Deste xeito, ela tamén se familiarizou co sistema Braille. Empregando o seguinte modelo, escribe:

a	b	c	d	e	f	g	h	i	j
⠁	⠃	⠉	⠙	⠑	⠋	⠗	⠈	⠊	⠚
k	l	m	n	ñ	o	p	q	r	s
⠅	⠇	⠓	⠝	⠿	⠕	⠏	⠑	⠞	⠟
t	u	v	w	x	z				
⠞	⠥	⠺	⠽	⠭	⠵				
á	é	í	ó	ú					
⠁	⠑	⠊	⠕	⠥					


Lembra que para poñer a maiúscula, debes engadir antes da letra os puntos 4 e 6. Velaquí unha mostra:

⠠

• O teu nome e apelidos:

• O nome da autora:

• Descubre o título dun dos seus libros de poemas, que foi publicado de forma póstuma:



Emprega Google Maps e busca a Avenida de Vigo onde está a placa que o Concello de Pontevedra gravou coa seguinte frase de Anagnórise: "As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos".

QUE TEÑADES UNHA BOA VIAXE!!



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS



BIBLIOGRAFÍA

- Moreno Márquez, M. V. (1991). *Mar adiante*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Moreno Márquez, M. V. (1992). *Anagnórise*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M. V. (1993). *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M. V. (1994). *¿Un cachiño de bica?* Madrid: Editorial SM.
- Moreno Márquez, M. V. (2007). *A festa no faiado*. Vigo: Edicións do Castro.
- Moreno Márquez, M. V. (2009). *Onde o aire non era brisa*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M. V. (2016). *O cataventos*. Santiago de Compostela: Urco Editora.
- Moreno Márquez, M. V. (2017). *Eu conto, ti cantas...* Vigo: Editorial Xerais.
- Moreno Márquez, M. V. (2017). *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Moreno Márquez, M. V. (2017). *A brétema*. Santiago de Compostela: Urco Editora.
- Moreno Márquez, M. V. (2017). *¿E haberá tirón de orellas?* Vigo: Editorial Galaxia.
- Ríos Liste, E. (2016). *Mulleres bravas da nosa historia: María Victoria Moreno*. Santiago de Compostela: Urco Editora.



WEBGRAFÍA

- Biblioteca Virtual Galega, coa ficha de María Victoria Moreno: http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=MarMoren1
- Blog *A fiestra da mestra*: <http://www.afiestradamestra.gal/2018/04/letras-galegas-2018.html>
- Blog *AnxoPictogramas*: <https://anxopictogramas.blogspot.com.es/2018/02/biografia-con-pictogramas-m-victoria.html>
- Blog da biblioteca do CEIP Xesús San Luís Romero. Aloxa o seguinte Symbaloo sobre María Victoria Moreno:



- Consello da Cultura Galega. Entrada sobre a literatura infantil e xuvenil de María Victoria Moreno: <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=60>
- Editorial Galaxia: <http://editorialgalaxia.gal/autor/maria-victoria-moreno/>
- Editorial Urco: <http://urcoeditora.com/>
- Editorial Xerais: <https://www.xerais.gal/>
- Espazo Abalar: <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/maria-victoria-moreno-letras-galegas-2018>. Contén un brincaletras sobre esta autora.
- Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADA_Victoria_Moreno
- Portal Aragonés da Comunicación Aumentativa e Alternativa: <http://www.arasaac.org/>
- Portal da Lingua Galega: <http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>

- Portal Galego de Educación: <http://botons.eu/2017/09/11/letras-2018-peneira-de-recursos-sobre-maria-victoria-moreno/>. Contén unha compilación de materiais sobre María Victoria Moreno.
- Real Academia Galega: <https://academia.gal/letras-actual>. Contén unha biografía de María Victoria Moreno Márquez.
- Materiais do Seminario Galán: <http://www.seminariogalan.org/>



FOTOGRAFÍAS

O fondo fotográfico utilizado na elaboración dos carteis e da guía pertence ao arquivo da familia de María Victoria Moreno Márquez.

Contouse coa autorización expresa para a súa utilización e difusión nesta guía e carteis impresos e para a versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Para a elaboración desta guía empregamos fotografías dos carteis realizados nas diferentes aulas do noso centro, coa colaboración de todo o alumnado e o profesorado.

